

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**O invento máis importante da historia**

Hai medio millón de anos, os nosos devanceiros coñecían o lume como un fenómeno terrible da natureza.

Cando un raio rompía o ceo ou prendía lume nos bosques, as persoas refuxiábanse atemorizadas no fondo das súas covas e os animais tamén fuxían.

Pero un día a súa curiosidade levounos a achegarse, a tomar unha póla prendida e a levala á súa cova, aprendendo así por vez primeira a evadirse da escuridade, do frío e do medo da noite. O gran descubrimento dos seres humanos foi chegar a producir eles mesmos ese lume, e lograronlo fretando dúas pedras de sílex e prendendo coas súas faíscas unhas ramiñas secas.



Xa non era necesario vixiar constantemente o lume para que non se apagase.

O descubrimento do lume cambiou por completo o rumbo da supervivencia humana. Co lume protexíanse do frío da noite, espantaban as grandes feras dos seus poboados; a carne da caza era máis saborosa e saudable pasada polo lume, e tamén se aprendeu a cauterizar as feridas con lume. Por último, o lume era o lugar arredor do que se reunían as persoas ao final da xornada, onde se contaban as historias e o coñecemento pasaba duns a outros, e onde o ser humano continuou a súa aprendizaxe como ser social.

**1 Le o texto e contesta.**

- Cantos anos hai que o ser humano coñece o lume?

\_\_\_\_\_

- Como logrou o ser humano facer lume por si mesmo?

\_\_\_\_\_

- Que vantaxes supuxo o descubrimento do lume para a humanidade?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2** Observa esta fotografía e contesta as preguntas.



- Onde están estas persoas que aparecen na fotografía?

\_\_\_\_\_

- Que fan? \_\_\_\_\_

- Que profesión cres que teñen? \_\_\_\_\_

- Por que? \_\_\_\_\_

- Que restos do pasado están observando?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**3** Busca na túa casa dous obxectos similares aos que se usaban hai miles de anos e explica en que se parecen e en que se diferencian.

Exemplo: Un coitelo hai miles de anos e na actualidade parécense en que se utilizan para cortar, e diferéncianse en que hai miles de anos se fabricaban con pedra e na actualidade fábrícanse con aceiro.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_